

A festa do pan de Covas pechou o ciclo adicado ás tarefas do campo

REDACCIÓN > FERROL

¿Como se fai o pan? ¿Que é a malla? ou ¿De onde sae a fariña? A estas preguntas e a moitas máis vencelladas directamente coas tarefas tradicionais do campo poden responder (e con pleno coñecemento de causa) os veciños de Covas que onte pecharon cunha festa do pan un ciclo didáctico adicado a achegarse ao mundo rural.

Todo comezou en xaneiro do pasado ano cando un centear de cativos da parroquia axudados por un arado tirado por un cabalo sementaron tres ferrados dunha finca con cincuenta quilos de trigo. A semente foi crecendo baixo a atenta mirada dos veciños que colaboraron diariamente no coidado da mesma. En agosto, chegou o momento de coller os fouciños, segar as espigas, facer os mollos e separar o gran da palla. O sábado pasado un grupo de corenta persoas achegáronse ata o muiño de Otero, un dos últimos restaurados en Esmelle, para moer, tal e como se facía antigamente, o trigo e facer del fariña. Sesenta quilos de fariña sairon ao final desta xornada de traballo. Onte, coa cocción desa fariña para convertila en 35 quilos de pan de trigo péchouse este ciclo que comezou hai case un ano e que en apenas un mes voltará iniciarse na parroquia de Covas. Durante todo este tempo, desde o comezo do proxecto coa sementeira ata a cocción do pan, netos e avos participaron activamente nesta iniciática da AVV de Santa Comba que ten como obxectivo ensinar aos máis cativos como se realizaban antigamente, antes da chegada das máquinas, todas e cada unha das tarefas do campo.

A rapidez coa que onte se remataron os 35 quilos de pan acompañados de chourizos asados e touciño son unha boa mostra do éxito desta iniciativa que reuniu a unha media de cen persoas (entre nenos e adultos) en cada unha das diferentes etapas de traballo. O éxito desta primeira edición foi tal que dende a organización aseguran que a experiencia vaise repetir cada ano. Polo momento, en 2009 ademais de trigo en Covas tamén sementarase mainzo.



Un momento da festa do pan celebrada onte no local da asociación de Santa Comba DANIEL ALEXANDRE